



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Manuel García Barros"



Rúa da Cultura S/N
36681 - A Estrada (Pontevedra)
Tfno: 986590104 Fax: 986571478
ies.garcia.barros@edu.xunta.es
www.iesgarcia Barros.org

SINAIS DE IDENTIDADE

O I.E.S. “**Manuel García Barros**” é un centro de ensino público que oferta o Ensino Secundario Obrigatorio cos correspondentes Programas de Diversificación Curricular e os Tres modalidades de Bacharelatos existentes: modalidades de Ciencias e Tecnoloxía; Humanidades e Ciencias Sociais e Artes nas súas dúas vías de Artes Plásticas, Deseño e Imaxe e Artes escénicas, Música e Danza.

O centro ten xa unha longa vida pois creouse no ano 1967 como Instituto Nacional mixto de Bacharelato, nese momento era o único centro de ensino medio e pasou a chamarse “o instituto”, non había outro.

Pasou por diferentes denominacións ata chegar ao actual de Instituto de Educación Secundaria “Manuel García Barros” da Estrada (Pontevedra). Recibiu este nome na memoria do escritor estradense Manuel García Barros (mestre de Berres, parroquia da Estrada). ([ENLACE](#))

O edificio (1.639 m²) comprende dos grandes módulos unidos por unha escaleira central, uns pórticos (567 m²), un ximnasio (342 metros cadrados) e pistas deportivas (1581’5 metros cadrados). O recinto total que está pechado (perímetro de 390 metros), comprende un total de 1’02 ha. A inauguración do edificio foi no ano 1983 e tivo dúas ampliacións sucesivas (nos anos 1988 e 1990).

O centro está situado na chamada zona escolar, na rúa da cultura s/n, ao seu carón están os outros dous institutos do Concello: o I.E.S. nº1 e o I.E.S. “Antón Losada Diéguez”.

Na actualidade é un centro medio en canto a capacidade, pois a baixada da natalidade e a creación doutros centros para cursar a ESO e o Bacharelato deixaron o seu número de alumnos en preto de 450.

Temos un centro de ensino primario adscrito, o CEIP “Pérez Viondi”, pero recibimos alumnos de toda a comarca.

No seu proxecto educativo o IES “Manuel García Barros” manifestase como aconfesional e pluralista respecto a todas as relixións de todos os membros da comunidade educativa.

Maniféstase mesmamente como favorecedor da normalización lingüística do galego, procurando que esta sexa cada vez máis a lingua vehicular en todo o ámbito escolar. En cumprimento da lei debemos garantir que o alumnado teña un dominio, tanto oral como escrito, das dúas linguas oficiais, así como que coñeza o valor das dúas linguas nos ámbitos da comunicación e da cultura.

O labor educativo do centro baséase no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión, colaboración e na solidariedade, rexeitando calquera tipo de discriminación de calquera membro da comunidade educativa.

Neste senso o Centro pretende constituírse nun espazo de convivencia e formación da xuventude do seu entorno, nun ambiente pluralista que promova a participación, a tolerancia, a solidariedade e o desenvolvemento intelectual nunha perspectiva crítica e racional da cultura, a sociedade e a ciencia do noso tempo.

Situación xeográfica: Latitude: 42° 37' 42" N
Lonxitude: 8° 30' 8.69" W